

OBRADOIRO DE ESCRITA DRAMÁTICA: O TEATRO TAMÉN SE ATOPA NOS LIBROS

No Campamento Xuvenil A Espiñeira, situado no Concello de Boiro, impartimos os días 23 e 24 de xullo de 2008 un obradoiro de escrita dramática a cen nenos e nenas de entre once e doce anos. O obradoiro levouse a cabo en catro sesións de 1:30 h de duración, nas que traballamos con 25 nenos por sesión. As actividades que se desenvolveron foron as seguintes:

Actividade 1ª: Que é un texto teatral?

O primeiro que fixemos foi facer unha breve introdución sobre as características dunha peza teatral; e comparamos este tipo de texto a outros textos literarios como a poesía, o conto e a novela.

Actividade 2ª: Lectura dun peza de teatro.

Lectura en voz alta dunha peza teatral, *Estrelamar*, na que os nenos e nenas foron alternando a lectura das diferentes personaxes.

Actividade 3ª: Escrita dun escena.

Dividimos o grupo por parellas. A cada parella déuselles cadansúa fotografía cunha acción, para que desenvolvesen un conflito nunha escena breve. Só podería haber dous personaxes: o protagonista, que tería que desexar algo, e o antagonista, que tería que negarllo.

Actividade 4ª: Representación da escena escrita.

Cada parella representa a súa escena. Para rematar comentamos os acertos e o erros da escrita.